

A OFERTA DE EMPREGO DA VERGOÑA

Un ano máis o SERGAS aproba un Decreto de oferta de emprego que non inclúe todas as prazas vacantes.

CIG-Saúde esiximos unha oferta pública de emprego (OPE) sen taxa de reposición, que remate coa temporalidade e establezca todas as prazas vacantes de todas as categorías.

- Non inclúe as prazas vacantes que non están ocupadas.
- Non contabilizan as prazas vacantes xeradas con anterioridade ao 2023.
- Mantén a taxa de reposición, que é a que impide eliminar a temporalidade.
- Acumula as prazas ofertadas en determinadas categorías “prioritarias” pondo en risco a continuidade de prazas en categorías máis pequenas, porque ao remate dos 3 anos de interinidade nin se poden ofertar nin volver cubrir con persoal temporal.

Tendo en conta as prazas ofertadas no último concurso de traslados, cando menos a oferta de emprego para este ano 2024 debería incluír:

CATEGORÍAS	Nº PRAZAS QUE SE DEBERAN OFERTAR
PERSOAL LICENCIADO SANITARIO	
FEAs	477 prazas
Médico/a de urxencias hospitalarias	84 prazas
Pediatra de atención primaria	39 prazas
Total persoal licenciado sanitario	485 prazas
PERSOAL SANITARIO NON FACULTATIVO	
Enfermeiro/a	556 prazas
Enfermeiro/a especialista	255 prazas
Fisioterapeuta	30 prazas
TCAE	878 prazas
Técnico/a en farmacia	22 prazas
Técnico/a superior sanitario/a	63 prazas
Logopeda	5 prazas
Terapeuta ocupacional	10 prazas
Total persoal sanitario no facultativo	1822 prazas
PERSOAL DE XESTIÓN E SERVIZOS	
Celador/a	216 prazas
Auxiliar administrativo/a	129 prazas
PSX	151 prazas
Conductor/a	16 prazas
Persoal de mantemento	16 prazas
Cociñeiro/a	19 prazas
Pinche	95 prazas
Persoal de lavandería	12 prazas
Total persoal de xestión e servizos	697 prazas
TOTAL	3024 PRAZAS

Ofertan 1.157 prazas. Quedan preto de 1.900 prazas vacantes sen oferta de emprego, que continuarán perpetuando a temporalidade.

Pola eliminación da TAXA de REPOSICIÓN! Outra xestión é posible!

CIG-Saúde dicimos NON a este decreto de oferta de emprego do SERGAS!

